

I. Disposicións xerais

XEFATURA DO ESTADO

24773 *LEI 35/1998, do 27 de outubro, pola que se crea o Colexio Oficial de Pilotos da Aviación Comercial. («BOE» 258, do 28-10-1998.)*

JUAN CARLOS I
REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 2/1974, do 13 de febreiro, sobre colexios profesionais, establece no seu artigo 4 que a creación dos colexios profesionais se fará mediante lei, por petición dos profesionais interesados.

Os pilotos de avións adscritos a actividades mercantís, relacionadas co transporte ou con traballos aéreos, constitúen un conxunto laboral no que conflúen unha serie de intereses comúns relacionados co acceso á profesión, formación técnica, actualización de coñecementos sobre aeronáutica, defensa de competencia ilícita, etc., que motivan a necesidade do seu agrupamento corporativo, co fin de lles dar unha vía legal ás súas lexítimas aspiracións e de promover a defensa dos dereitos fundamentais de tódolos cidadáns como usuarios do transporte aéreo.

Os pilotos da aviación civil comercial veñen defendendo todos estes intereses por medio da asociación que os ditos pilotos teñen constituída, a cal, en representación dos seus asociados, solicitou a creación dun Colexio Oficial de Pilotos da Aviación Comercial.

Artigo 1.

Créase o Colexio Oficial de Pilotos da Aviación Comercial, como corporación de dereito público recoñecida polo Estado, con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, o cal agrupará para o exercicio da profesión, de conformidade co disposto nas leis 2/1974, do 13 de febreiro e 7/1997, do 14 de abril, a tódolos profesionais que estean en posesión dos títulos aeronáuticos civís de pilotos comerciais e de pilotos de transporte de liña aérea, nas súas modalidades de avión ou de helicóptero.

Artigo 2.

Para os efectos previstos no punto tres do artigo 2 da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, o Colexio Oficial de Pilotos da Aviación Comercial relacionarase organicamente coa Administración a través do Ministerio de Fomento.

Disposición transitoria primeira.

O Ministerio de Fomento, logo de audiencia da Asociación Española de Pilotos Civís Comerciais, así como

de calquera outra que teña asociados con título de piloto de transporte de liña aérea ou de piloto comercial, aprobará os estatutos provisionais deste Colexio. Estes estatutos regularán, conforme as disposicións legais actualmente vixentes, os requisitos para a adquisición da condición de colexiado que permita participar nas eleccións dos órganos de goberno, o procedemento e o prazo de convocatoria das citadas eleccións, así como a constitución dos órganos de goberno do Colexio Oficial de Pilotos da Aviación Comercial.

Disposición transitoria segunda.

Constituídos os órganos de goberno colexiais, segundo o establecido na disposición precedente, aqueles remitiranlle ó Ministerio de Fomento, no prazo de seis meses, os estatutos xerais a que se refire a vixente lexislación sobre colexios profesionais. O ministerio someterá á aprobación do Goberno os estatutos xerais. A citada aprobación anulará e deixará sen efecto os ditos estatutos provisionais.

Disposición derradeira única.

Facúltase o Ministerio de Fomento para dictar as disposicións necesarias para a execución desta lei.

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 27 de outubro de 1998.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

24774 *CORRECCIÓN de erros do Real decreto-lei 14/1998, do 9 de outubro, de adhesión de España a diversos acordos do Fondo Monetario Internacional. («BOE» 258, do 28-10-1998.)*

Advertidos erros no texto do Real decreto-lei 14/1998, do 9 de outubro, de adhesión de España a diversos acordos do Fondo Monetario Internacional, publicado no Boletín Oficial del Estado número 243, do 10, e no suplemento en lingua galega número 6, do 28, procédese a efectuar as oportunas modificacións no que afecta á devandita versión en lingua galega:

No anexo da resolución 53-2 da Xunta de Gobernadores, os países membros do FMI que se indican deben entenderse publicados da forma seguinte: «11 Bahamas; 24 Brunei; 38 República Democrática do Congo; 39 República do Congo; 59 Iugoslavia (Serbia/Montenegro); 76 Indonesia; 90 Kirguistán;

94 Lesotho; 126 Palau; 146 República Eslovaca; 150 República de Sudáfrica; 153 San Cristovo e Nevis; 157 Surinam; 158 Suacilandia; 160 Suíza; 161 República Árabe Siria; 175 Estados Unidos de América e 181 Iemen».

No anexo da resolución 53-2 da Xunta de Gobernadores, columna de cota proposta, onde di: «9 Austria. 1.873,3», debe dicir: «9 Austria. 1.872,3», e onde di: «164 Tailandia. 1.981,9», debe dicir: «164 Tailandia. 1.081,9».

Na páxina 33844, segunda columna, anexo M, punto 2, b), inciso ii), liña segunda, onde di: «... no inciso y) pola...», debe dicir: «... no inciso i) pola...».

Na páxina 33845, primeira columna, punto 4, liña segunda, onde di: «... neste anexo z)...», debe dicir: «... neste anexo a)...».

Na páxina 33845, primeira columna, punto 5, parágrafo b), liña cuarta, onde di: «... asignacións 1 tenzas...», debe dicir: «... asignacións ou tenzas...».

25933 *LEI 36/1998, do 10 de novembro, de modificación do artigo 14, puntos primeiro e terceiro, da Lei de axuízamento criminal. («BOE» 270, do 11-11-1998.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A disposición derradeira primeira do vixente Código penal modificou, como é sabido, o teor do punto terceiro do artigo 14 da Lei de axuízamento criminal. Mentres na súa versión anterior os xuízos do Penal coñecían as causas por delitos castigados con pena privativa de liberdade non superior a seis anos, a citada disposición atribuíalle-las «causas por delitos menos graves».

A devandita alteración do ámbito competencial dos xulgados do Penal repercutiu inevitablemente sobre as audiencias provinciais, multiplicando as causas sobre as que teñen que coñecer ata ameazar cun inminente colapso. Non é difícil prever que se pode producir tamén unha notable repercusión no número de recursos sobre os que deberá coñecer-la Sala Segunda do Tribunal Supremo.

Tan perturbadora situación non deixou de ser advertida polo propio Consello Xeral do Poder Xudicial, cando tivo ocasión de manexa-las primeiras cifras sobre a incidencia práctica da aludida reforma. Iso levouno a postular «unha rápida modificación legislativa que deixe sen efecto a recente reforma do artigo 14 da Lei de axuízamento criminal e restaure o anterior sistema de reparto de atribucións entre os xulgados do penal e as audiencias provinciais».

Non cabe descarta-la conveniencia de elaborar unha relación de materias que, sen se centrar só na gravidade dos delitos ou na contía das penas, determine os citados ámbitos competenciais, como xa se fixo cos xuízos por xurado e se propuxo para a xurisdicción contencioso-administrativa. Iso podería, non embargante, levarse a cabo con maior rigor e posibilidades de acerto cando —con motivo dunha máis ampla modificación da Lei de axuí-

zamento criminal— se puidese xa contar con maior experiencia e datos estatísticos ilustrativos da repercusión práctica dos diversos tipos penais.

Resulta, pois, obrigado proceder á citada modificación, establecendo como liña de separación competencial entre os xulgados do penal e as audiencias os delitos castigados con penas privativas da liberdade de cinco anos.

Finalmente, introdúcese unha modificación no punto primeiro do artigo 14 da Lei de axuízamento criminal co fin de adapta-la competencia dos órganos xurisdiccionais penais en materia de faltas á Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal.

Artigo único.

1. O artigo 14, punto primeiro, da Lei de axuízamento criminal, queda redactado do seguinte xeito:

«Para o coñecemento e resolución dos xuízos de faltas, o xuíz de instrución. Sen embargo, coñecerá dos xuízos de faltas tipificadas nos artigos 620, 626, 630, 631, 632 e 633 do Código penal o xuíz de paz do lugar en que se cometeren.»

2. O artigo 14, punto terceiro, da Lei de axuízamento criminal, queda redactado do seguinte xeito:

«Para o coñecemento e resolución das causas por delitos para os que a lei sinala pena privativa de liberdade de duración non superior a cinco anos, ou pena de multa calquera que sexa a súa contía, ou calquera outra de distinta natureza, ben sexan únicas, conxuntas ou alternativas, sempre que a duración destas non exceda de dez anos, así como por faltas, sexan ou non incidentais, imputables ós autores deses delitos ou a outras persoas, cando a comisión da falta ou a súa proba estivesen relacionadas con aqueles, o xuíz do penal da circunscripción onde o delito foi cometido ou o xuíz central do Penal no ámbito que lle é propio.

Malia iso, nos supostos de competencia de xuíz do Penal, e se o delito for dos atribuídos ó tribunal do xurado, o coñecemento e resolución corresponderalle a este.»

Disposición transitoria única.

A presente lei aplicaráselles ás causas que se encontraren pendentes no momento da súa entrada en vigor sempre que, no dito momento, non se dictase aínda auto de apertura do xuízo oral.

Disposición derradeira única.

A presente lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 10 de novembro de 1998.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,

JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ